



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dirección de operacións

Materia	Dirección de operacións			
Código	V03G720V01312			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Diz Comesaña, María Eva			
Profesorado	Diz Comesaña, María Eva			
Correo-e	evadiz@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=2599			
Descrición xeral	Esta materia desenvolve os contidos, métodos e ferramentas asociados á estratexia de operacións. Nela afóndase en aspectos relacionados coa selección e deseño do produto e do proceso produtivo, modo e lugar de elaboración, recursos necesarios e súa organización, e calquera outro aspecto necesario para que a empresa poida realizar o proceso produtivo para o que foi creada.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Mostrar o coñecemento de procedementos e técnicas propias da dirección de operacións.	
Aplicar ferramentas de procura, filtrado e interpretación da información relevante na área de produción.	
Fixar obxectivos, elaborar estratexias e planos de acción propios das actividades de produción e coherentes co seu contorno.	
Manexar os coñecementos, procesos e técnicas propias da dirección e xestión das actividades de produción nas distintas empresas, asumindo os efectos da súa práctica e as consecuencias da súa acción en calquera contexto de intervención reflexionando sobre o seus propios posicionamentos.	
Tomar decisións na procura de solucións a problemas relativos á situación da área de produción da empresa así como a emisión dos informes correspondentes.	

Contidos

Tema	
MÓDULO 1: A EMPRESA E O SISTEMA DE OPERACIÓNS	TEMA 1. O Sistema de Operacións, a Estratexia de Operacións e os seus resultados
MÓDULO 2: DESEÑO DO SISTEMA DE OPERACIÓNS	TEMA 2. Selección e Deseño do Produto e do Proceso Produtivo TEMA 3. Decisións Estratéxicas de Capacidade TEMA 4. Decisións de Localización TEMA 5. Distribución en Pranta
MÓDULO 3: XESTIÓN DA CADEA DE SUMINISTROS	TEMA 6. Xestión da Cadea de Subministros TEMA 7. Xestión dos Stocks
MÓDULO 4: XESTIÓN DAS ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN	TEMA 8. Planificación e Control de Proxectos TEMA 9. Planificación, Programación e Control da Produción TEMA 10. Lean Manufacturing

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	37.5	40.5	78
Resolución de problemas	30	75	105
Seminario	7	0	7
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	32	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Emprégase como complemento da lección maxistral.
Seminario	Reunións que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Reunións que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento, desenvolvemento e supervisión de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Estas sesións poderán realizarse, baixo a modalidade de concertación previa, polos medios telemáticos fixados polo profesorado.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Probas na que o alumno debe solucionar unha serie de casos, problemas e exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesor (Ningunha delas suporá máis dun 40% da nota). Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. Correspóndense coas horas prácticas da materia recollidas nos grupos medianos.	50	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Dúas probas (teoría 25% e práctica 25%) para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Os alumnos deben responder de maneira directa e razoada en base aos coñecementos que teñen sobre a materia.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación do alumno realizarase do seguinte xeito:

- Probas de avaliación global (0 a 5 puntos). As probas realizaranse ó final do cuatrimestre. Estas probas constarán dunha proba teórica (25%) e dunha proba práctica (25%). Para superala será necesario obter unha nota igual ou superior ó 50% da puntuación total da proba de avaliación global e, como mínimo, o 40% da nota asignada a cada unha das partes teórica e práctica.

No caso de que o alumno teña solicitado no prazo establecido que a proba de avaliación global sexa sobre 10 puntos, nestas probas de avaliación global incluírse unha terceira parte (0 a 5 puntos) que substituirá ás probas intermedias da avaliación continua (os contidos e número destas probas estableceráse no calendario docente publicado no MooVi da materia). Para iso, nos primeiros 30 días do cuatrimestre habilitarase a través de MooVi un único prazo para que o alumno poda solicitar que a súa proba de avaliación global conte con esta terceira parte e renunciar, polo tanto, ó sistema de avaliación continua.

- Avaliación baseada nos traballos realizados, tanto en grupo como de maneira individual, nas sesións prácticas (0 a 5 puntos). As actividades de avaliación continua nas sesións prácticas só se poderán realizar nas datas e sesións establecidas, debendo cada alumno asistir ao grupo que teña asignado para a realización das mesmas, agás autorización explícita para algunha práctica dos profesores encargados da materia para asistir a outro grupo no que teña lugar a mesma práctica. O alumnado que sexa evaluado en réxime de avaliación continua terá a posibilidade de superar a asignatura e de alcanzar o 100% da nota. Para eso, antes da realización das probas da convocatoria oficial existirá a posibilidade de realizar de maneira telemática dúas probas coas mesmas condicións, contidos e formato que a proba de avaliación global (0 a 5 puntos) e que se indicaron anteriormente. A materia aprobarase sempre e cando se supere esta proba de avaliación global e se alcance un mínimo de 5 puntos na materia.

Se o estudante non supera a asignatura por avaliación continua, a aprobación da asignatura requirirá da aprobación da proba de avaliación global. Nese caso, a nota final da asignatura resultará da suma da nota obtida na avaliación continua, que suporá un 50% da nota final, e a nota obtida nesta proba, que suporá o 50% restante. No caso de non superar a proba de avaliación global, a nota final da asignatura será a obtida nesta proba expresada nunha escala de 0 a 10 puntos.

A segunda convocatoria rexirase polas mesmas normas. Na convocatoria de fin de carreira a proba de avaliación global suporá o 100% da cualificación.

Os exames terán lugar na data establecida polo Decanato do centro. **IMPORTANTE:** O calendario de exames é publicado ó inicio do curso. Non obstante, o calendario pode ser modificado ó longo do mesmo por algún imprevisto. Prégase que consulten a páxina web da Facultade por se hai cambios no mesmo (<http://fccee.uvigo.es>).

O horario de titorías de cada profesor e o procedemento de solicitude das mesmas estará dispoñible no MooVi da materia.

BOAS PRÁCTICAS:

- Non está permitido facer uso de teléfonos móbiles, ordenadores portátiles, tabletas ou similares nas sesións de traballo. Estes deben estar desconectados, agás autorización expresa do profesor/a.
- Non está permitido comer nin beber (agás auga) durante as clases.
- As condutas inadecuadas, contrarias e perxudiciais para a convivencia e a súa corrección poderán ser sancionadas coa perda do dereito á avaliación continua do estudante responsable.
- É imprescindible asistir ás sesións de aula co material necesario para o seu desenvolvemento.
- Calquera evidencia de traballos e/ou probas plaxiados ou copiados, total ou parcialmente, suporá unha calificación de suspenso en tódalas convocatorias do curso académico.
- Para a realización dos exames só se permite o uso de elementos de escritura e calculadora.
- O alumno deberá presentarse ao exame debidamente identificado, co seu D.N.I, pasaporte ou título de conducir, non sendo válido outro documento.
- Tódalas probas e exames deberán ser entregados á súa finalización e baixo ningún concepto poderán ser sacados fora da aula.
- A revisión de exames terá lugar no centro e só no horario e lugar establecido polo profesor/a.
- No caso das actividades docentes que se leven a cabo por medios telemáticos, véxase a seguinte información:
<https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

No caso de incumprimento das normas anteriores, o profesor/a poderá adoptar as medidas que estime oportunas dentro da lexislación vixente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARIAS ARANDA, A. y MINGUELA RATA, B. (Coord.), **Dirección de la Producción y Operaciones. Decisiones Estratégicas**, Pirámide, 2018

CRESPO FRANCO, T. y PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, Programación e Control**, Servicio Publicacións da Universidade de Vigo, 2009

CRESPO FRANCO, T. y PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, Programación e Control. Exercicios Resoltos**, Servicio Publicacións da Universidade de Vigo, 2005

Bibliografía Complementaria

ADAM, E.E. y EBERT, R.J., **Administración de la Producción y las Operaciones**, Prentice Hall, 1991

ARIAS ARANDA, A. y MINGUELA RATA, B. (Coord.), **Dirección de la Producción y Operaciones. Decisiones Operativas**, Pirámide, 2018

CHASE, R.B.; JACOBS, F.R. y AQUILANO, N.J., **Administración de operaciones : producción y cadena de suministros**, McGraw-Hill, 2014

DOMÍNGUEZ MACHUCA, J.A. (Coord.), **Dirección de operaciones. Aspectos estratégicos en la producción y los servicios**, McGraw-Hill, 1994

DOMÍNGUEZ MACHUCA, J.A. (Coord.), **Dirección de operaciones : aspectos tácticos y operativos en la producción y los servicios**, McGraw-Hill, 1994

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, E., **Dirección de la Producción. Fundamentos Estratégicos.**, Civitas, 1995

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, E.; AVELLA CAMARERO, L. y FERNÁNDEZ BARCALA, M., **Estrategia de Producción**, McGraw-Hill, 2006

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, E.; AVELLA CAMARERO, L. y FERNÁNDEZ BARCALA, M., **Administración de la Producción: Enfoque Estratégico**, Pirámide, 2020

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, E. y VÁZQUEZ ORDÁS, C., **Dirección de la Producción. Métodos Operativos**., Civitas, 1994

HEIZER, J. y RENDER, B., **Dirección de la Producción y de Operaciones : Decisiones Estratégicas**, Prentice Hall, 2015

KRAJEWSKI, L.J. y RITZMAN, L.P., **Administración de Operaciones. Estrategia y análisis**, Pearson, 2003

MARTÍN PEÑA, M. L.; CARRASCO, E.; DÍAZ, E.; GARCÍA, F. y MONTERO, A., **Dirección de la Producción. Problemas y ejercicios resueltos**, Prentice Hall, 2003

MIRANDA GONZÁLEZ, F.J.; CHAMORRO MERA, A.; RUBIO LACOBIA, S. y BAÑEGIL PALACIOS, T.M., **Manual de Dirección de Operaciones**, Thomson, 2005

MIRANDA GONZÁLEZ, F.J.; RUBIO LACOBIA, S. y CHAMORRO MERA, A., **Dirección de Operaciones. Casos prácticos y recursos didácticos**, Paraninfo, 2014

PIÑEIRO GARCÍA, T.; ARÉVALO TOMÉ, R.; CABALLERO FERNÁNDEZ, G. y GARCÍA-PINTOS ESCUDER, A., **Introducción a la economía de la empresa. Una visión teórico-práctica**, Delta Publicaciones, 2010

SCHROEDER, R.G., **Administración de Operaciones. Toma de Decisiones en la Función de Operaciones**, McGraw-Hill, 1992

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Empresa: Fundamentos de administración/V03G020V01102

Empresa: Xestión de empresas/V03G020V01203

Outros comentarios

Esta materia no PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas-Grao en Dereito impártese no 1º cuatrimestre do 3º curso. O profesor responsable é María Eva Diz Comesaña.

Aportarase ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.